



DATOS IDENTIFICATIVOS

Economía, Administración de Empresas e Comercio na Educación Secundaria

Materia	Economía, Administración de Empresas e Comercio na Educación Secundaria			
Código	O02M066V05223			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Sociais. Humanidades			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dpto. Externo Economía aplicada Economía financeira e contabilidade Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Vaquero García, Alberto			
Profesorado	Domínguez Vila, Trinidad Sánchez Fernández, Patricio Theotonio Arenas, Alfonso Vaquero García, Alberto			
Correo-e	vaquero@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	A materia de Economía, Administración de Empresas e Comercio na educación secundaria forma parte do módulo específico do Mestrado de Educación Secundaria obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas da Universidade de Vigo. Trátase dunha materia obrigatoria e conta cunha asignación de 12 créditos ECTS. O Obxectivo básico da presente materia é capacitar ao alumnado para impartir docencia nas materias da especialidade de Economía, establecidas na ESO e no bacharelato, e dos módulos formativos das familias de Administración e Xestión e de Comercio e Marketing que se imparten na Formación Profesional.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
C18	Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
C19	Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
C20	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
C21	Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
C22	Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
C23	Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
C24	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.

C25	Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
C26	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
C27	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.
D3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinares

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer contextos e situacións nos que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares. Coñecer o perfil profesional correspondente aos titulados nos ciclos formativos.	C18 C19
Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e aprendizaxe da Economía, Administración de empresas e Comercio e Marketing.	C18
Transformar os currículos en programas de actividades e traballo.	C27
Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.	C20
Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes	C21
Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.	C21 C22 C27
Coñecer e saber aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da Economía e o Obradoiro de iniciativas emprendedoras, e ciclos formativos da especialidade.	C24 D3
Analizar críticamente o desenvolvemento da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.	C20 C25
Identificar os problemas relativos ao ensino e á aprendizaxe das Ciencias Sociais, e a FP, respectivamente, e propoñer alternativas e solucións.	C18 C26
Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.	C18 C23 C27

Contidos

Tema	
A Economía como disciplina académica no ensino secundario	Análise histórico e situación actual. Modalidades, itinerarios, optatividade. A Micro e Macroeconomía no currículo do Bacharelato. Achegas das escolas do pensamento económico ao papel dos axentes económicos e as súas relacións no contexto actual. Globalización, medio ambiente, desenvolvemento sostible nos currículos das materias de Economía no Bacharelato. A empresa coma sistema no currículo de Economía de 2º de Bacharelato: Intencións educativas, obxectivos ou outros elementos prescritivos. Organización dos contidos. As intencións educativas e os obxectivos escolares.
O currículo de Economía e Emprendemento	Metodoloxía e recursos. Proposta de estratexias para o desenvolvemento da creatividade, a iniciativa persoal, a autonomía e a responsabilidade do alumnado na xeración e maduración de iniciativas emprendedoras. Desenvolvemento de proxectos emprendedores en equipo, relacionados co entorno socioeconómico e o perfil do alumnado de secundaria.
Principios didácticos na ensinanza da Economía.	Metodoloxía. Identificación de situacións socioeconómicas relevantes para a ensinanza da Economía e proposta de actividades formativas. Didactización de recursos multimedia. Integración das TICS no proceso de ensinanza aprendizaxe. As fontes de información sobre a economía galega e española. Utilización de portais educativos oficiais (IGE, Banco de España...) coma recurso didáctico. Aprendizaxe colaborativo ou cooperativo coma metodoloxía: deseño de actividades de aula.
Procedementos e técnicas específicas	Modelos económicos, Táboas estatísticas e series temporais, representacións gráficas, obtención de información, propostas de simulación. Proxecto empresarial.

As ensinanzas de contido económico-empresarial	As familias profesionais de Administración de empresas, Comercio e Marketing dentro da Formación Profesional Inicial e no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Ciclos medios e superiores. FP Básica. FP Dual. Lexislación básica sobre a FP. LOXSE; LOE; Lei Orgánica para a mellora da calidade educativas (LOMCE); Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE); Lei Orgánica 5/2002 de 19 de xuño, das cualificacións e a Formación Profesional; Nova Lei Orgánica de Ordenación e Integración da Formación Profesional. Ordenación académica. Saídas profesionais e situación do mercado laboral. Expectativas da evolución da competencia profesional esixida para os técnicos e técnicos especialistas das familias de referencia.
Estrutura dun título profesional:	Do perfil profesional á cualificación. O currículo dos ciclos formativos. Elementos prescriptivos do currículo. A aprendizaxe dos procedementos como eixe organizador da actividade docente. Procesos de ensinanza aprendizaxe. Metodoloxía específica. Proposta de actividades para a aprendizaxe dos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. Recursos. Talleres. Equipamento. TICS.
O módulo do proxecto integrado	Actividades de desenvolvemento. Identificación das necesidades de información. Elección de fontes de información. Tratamento da información. Redacción de informes. A FCT. Titoría. Obxectivos. Contidos. Avaliación.
A avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe: estratexias e técnicas	Criterios de avaliación e instrumentos de cualificación escolar.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	0	70	70
Traballo tutelado	12	0	12
Presentación	22	0	22
Estudo de casos	10	0	10
Lección maxistral	16	0	16
Traballo	0	80	80
Estudo de casos	0	60	60
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	30	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Traballo tutelado	Realización de traballos tutelados polos profesores da materia
Traballo tutelado	Realización de traballos na aula
Presentación	Presentacións de traballos
Estudo de casos	Estudo de casos e situacións
Lección maxistral	Clase maxistral

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O alumnado, baixo a supervisión e dirección do profesorado, fará ao longo do curso unha serie de traballos relacionados co contido da materia
Probas	Descrición
Traballo	O alumnado deberá realizar traballos relacionados con actividades propias da práctica docente, e os presentará e desenvolverá nas sesións establecidas.
Estudo de casos	O alumnado deberá estudar e analizar unha serie de casos e situacións relacionados coa materia ao longo do curso

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballo	Realización e presentación de traballos e proxectos	40	C18 C19 C20 C21 C22 C23 C24 C25 C26 C27	D3
Estudo de casos	Análise de casos e situacións. Participación activa nas sesións	20	C18 C19 C20 C21 C22 C23 C24 C25 C26 C27	D3
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de problemas ou exercicios	40	C18 C19 C20 C21 C22 C23 C24 C25 C26 C27	D3

Outros comentarios sobre a Avaliación

Este mestrado ten a modalidade de ensino presencial, polo tanto a asistencia a clase e a realización do traballo para a avaliación continua é obrigatoria. Por causas xustificadas está permitido faltar, como máximo, ao 20% das sesións presenciais das diferentes partes da materia. Os prazos das entregas das actividades, traballos, etcétera. serán comunicados polos profesores e é necesario cumprilos para ser cualificados na avaliación continua.

O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá que presentar os traballos que se lle encomenden que non tivera realizado dentro das actividades presenciais e unha proba escrita na data que marque o calendario do mestrado para os exames oficiais (será feita pública oportunamente). Esta proba escrita suporá o 80% da puntuación e terá preguntas de tipo teórico e práctico ao redor dos contidos nucleares da materia. O restante 20% da puntuación virá determinado pola valoración dos traballos desenvolvidos.

Cualificación numérica de 0 a 10 segundo lexislación vixente (RD 1125/2003). Para superar a materia será necesario sacar un mínimo de 5 puntos en cada unha das partes na que se divide a asignatura. A nota final é única e será fixada por acordo dos profesores do módulo en base as cualificacións de cada parte, para iso terase en conta á diferente carga de traballo de cada unha das partes.

A convocatoria extraordinaria será un examen e/ou a realización de traballos sobre os contidos da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Consejo General del Colegio de Economistas de España, **Informe sobre la enseñanza de la economía**, Consejo General del Colegio de Economistas de España, 2013

Spiegel, A., **Recursos didácticos y FP por competencias**, CINTERFOR/OIT., 2006

Travé G, **Didáctica de la Economía en el bachillerato**, 2001

Vaquero, A., **Los contenidos de economía pública en las enseñanzas no universitarias**, E-publica. Revista electrónica sobre la economía p, 2015

Fernández martorell C., **El aula desierta: la experiencia educativa en el contexto de la economía global.**, Editorial Intervención cultural, 2008

Muro Jiménez J.M., **Programación y Unidades Didácticas en Formación Profesional**, Editorial MAD. Madrid, 2008

MEC, **Página web**,

INCUAL, **Página web**,

Consellería de Educación, **Página web**,

Portal Ecomur, Educared, **Página web**,

Portal de recursos educativos: <http://www.pangea.org/peremarques/estris.htm>, **Página web**,

Portal todo fp, **Página web**,
Informes Pisa OCDE, **Página web**,
Bibliografía Complementaria

Recomendacións
